



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE O BOLO PARA A PAVIMENTACIÓN DA RÚA CENTRO NO NÚCLEO DE O BOLO.

Santiago de Compostela, a 11 de maio de 2016

R E U N I D O S

Dunha parte, a Sra. D^a. _____, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 122/2015, do 4 de outubro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, don _____, Alcalde-Presidente do Concello de O Bolo, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

E X P O Ñ E N

I.- O Concello de O Bolo (Ourense) trata de promover unha actuación consistente na “pavimentación da rúa Centro no núcleo de O Bolo”.

A Rúa Centro está situada no núcleo tradicional da localidade do Bolo. Ten dirección leste oeste, dende a Praza da Constitución ata a súa unión coa Rúa Cesar Conty. De trazado irregular, presenta numerosos cambios no seu ancho, cunha topografía descendente de leste a oeste e pendentes moi pronunciadas nalgúns dos seus tramos, descorrendo na súa totalidade pola parte antiga do núcleo urbano da localidade. En sentido centro-leste presenta un ancheamento que dá lugar a unha pequena praza cunha fonte. As edificacións ás que dá servizo son practicamente todas de carácter tradicional, de planta baixa e planta alta, construídas con muros de mampostería de granito e cubertas de pizarra.

A pesar de que a rúa está asfaltada na súa totalidade, o estado do seu pavimento presenta un aspecto moi deteriorado, con numerosas fochas na maior parte do seu trazado.

A pesar de que nesta rúa se dispón de infraestruturas de saneamento, sumidoiros, rede de subministro de auga, rede de electricidade, rede de telefonía e bocas de incendios, estes equipamentos presentan un estado bastante deteriorado e precario, que non permiten dar un servizo adecuado aos residentes.



XUNTA DE GALICIA

As baixantes de pluviais da maioría das vivendas verten directamente á rúa, dado que non teñen conexión á rede xeral de saneamento. De igual modo, na rede de saneamento non existe separación de augas pluviais e fecais.

O ámbito da actuación alcanzará a totalidade da rúa citada, con unha lonxitude de 255 metros, aproximadamente. O ancho da rúa é variable, pasando de 2,50 metros na parte mais estreita a 8,95 metros na parte máis ancha. A zona que se identifica como praza ten unhas dimensións aproximadas de 18 x 19 metros. A superficie aproximada do ámbito de actuación alcanza os 1.410 m².

II.- As obras que será preciso acometer consisten basicamente en:

- Mellora da rede de saneamento e auga potable.
- Canalizacións de rede de electricidade e telecomunicacións.
- Execución de sumidoiros, pozos de rexistro e arquetas.
- Execución de soleira de formigón de 10 cm., de espesor.
- Colocación, asentamento e nivelación das pezas de granito de 8 cm. de espesor tomadas con morteiro de cemento.

III.- A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: “**Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma**”.

Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación. A competencia para o desenvolvemento destas actuacións, está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería “*A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial*”.

IV.- Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no exercicio das súas competencias, e o concello de O Bolo, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para abordar a execución das obras citadas, a través dun convenio que se estrutura nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de O Bolo, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “**pavimentación da rúa Centro no núcleo de O Bolo**”.



XUNTA DE GALICIA

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de O Bolo comprométese a:

- 1.- Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular das mesmas.
- 2.- Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción dos documentos técnicos que definan as obras a executar. Prestarlle a aprobación aos indicados documentos nun prazo máximo de 15 días, contados dende a data de requirimento, así como á remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras. Noutro caso, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no presente Acordo, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
- 3.- Asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a explotación e conservación das mesmas.
- 4.- Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ao órgano de contratación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os compromisos a que fan referencia os apartados 1, 2 e 3 anteriores.
- 5.- O concello, como trámite previo á licitación das obras, aportará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos, nos termos do apartado 1 precedente.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, asume os seguintes compromisos:

- 1.- Financiar a execución das obras segundo as prescricións do proxecto, destinando para isto, con cargo á aplicación 07.02.521A 607.1, **douscentos catro mil setecentos trinta e tres euros con trinta céntimos (204.733,30 €)**, distribuídos nas seguintes anualidades:

- 2016	104.733,30 €
- 2017	100.000,00 €

- 2.- Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.



XUNTA DE GALICIA

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello de O Bolo para a súa incorporación ao servizo e uso público.

3.- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, esta poñerá en coñecemento do concello de O Bolo, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda 3) precedente, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega.

CUARTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o impulso e seguimento das accións establecidas no presente convenio, créase unha Comisión, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo. Formarán parte pola consellería, a persoa titular da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; o concello estará representado polo Alcalde ou persoa en quen delegue e o concelleiro responsable de obras e/ou infraestruturas.

SEXTA.- INTERPRETACIÓN E NATUREZA

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, poñendo así fin á vía administrativa.

2.- O presente convenio ten natureza administrativa e tramítase ao abeiro do Decreto 246/1992 do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións, aplicándose os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse (artigo 4.2).



XUNTA DE GALICIA

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do convenio:

- a)** O cumprimento do seu obxecto
- b)** O incumprimento de calquera das cláusulas.
- c)** A inviabilidade da realización das actuacións descritas no mesmo por causas non imputables ás partes.
- d)** O incumprimento de carácter temporal ou parcial de calquera das cláusulas do mesmo. Entenderase por incumprimento parcial, aquel que implique en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto o desenvolvemento das actuacións previstas.
- e)** A denuncia, por calquera das partes, por razóns de interese público.

OITAVA.- VIXENCIA

A vixencia do presente Convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2017. Non obstante manterase ata a entrega das obras ao concello de O Bolo nos termos establecidos na cláusula terceira. Así mesmo, seguirá producindo efectos en tanto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

E en proba de conformidade asinan o presente documento por triplicado exemplar no lugar e data do encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA

A Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación
do Territorio

POLO CONCELLO DE O BOLO

O Alcalde